

CONCERTO DIDÁCTICO: Cine-concerto: SON, MÚSICA E ACCIÓN!

Nesta ligazón tedes información:

<https://www.compostelacultura.gal/espectaculos/evento/cine-concerto-son-m%C3%BAsica-e-acci%C3%B3n>

Os **nenos e nenas de 2º nivel** acompañados polos seus titores e a mestra de música, foron ao **AUDITORIO DE GALICIA** e na sala **Mozart**, presenciaron un inesquecible e fantástico **CONCERTO SOBRE MÚSICA E CINE**.

Proxectáronse fragmentos de películas ao tempo que o **TRÍO CASPERVEK** formado por violín, batería e piano interpretaba a música de dita película.

Entre as **ACTIVIDADES PROPOSTAS** polo trío, os nenos e nenas tiñan que escoller entre dous fragmentos musicais que eles interpretaban, o correspondente ao fragmento da película que se estaba a proxectar. Tamén os nenos foron partícipes xunto cos músicos, da interpretación dunha banda sonora. Así, mentres se proxectaba o fragmento da película, eles tiñan que sonorizala tocando os instrumentos, interpretando unha escena de cine mudo, tratando por exemplo de imitar a Charles Chaplin ou sonorizar con berros, ruxidos, pasos... etc as distintas accións da escena dunha película proxectada nese intre. Así, lles explicaron como noutros tempos o cine era mudo e que a música se tocaba en directo, tratando de que os nenos entenderan a importancia da interacción da imaxe e do son.

Esperemos poder seguir acudindo en vindeiros cursos a experiencias musicais tan enriquecedoras como esta.

